



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE DECEMBRO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
D^a. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e un de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/11/2016).

A acta queda pendente de aprobación xa que, aínda que está colgado o audio na web do concello, non se rematou a súa redacción.

2º.- Aprobación, se procede, de operación de endebedamento para saneamento de remanente de tesourería.

Dáse conta da operación de endebedamento para saneamento de remanente de tesourería.

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece no seu artigo 193 que no caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo:

1.- O Pleno da corporación ou o órgano competente do organismo autónomo, segundo corresponda, deberá proceder na súa primeira sesión que celebren a redución de gastos do novo orzamento por a contía igual ao déficit producido. A expresada redución só poderá revogarse por acordo do Pleno, a proposta do Presidente, e previo informe do Interventor, cando o desenvolvemento normal do orzamento e a situación da tesourería o consentisen.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2.- Se a redución de gastos non resultase posible, só poderá acudir ao concerto de operación de crédito polo seu importe, sempre que se dean as condicións sinaladas no artigo 177.5 desta Lei.

3.- De non adoptarse ningunha das medidas previstas nas liñas anteriores, o orzamento do exercicio seguinte terá que aprobarse cun superávit inicial de contía non inferior ao citado déficit.

O artigo 177.5 sinala expresamente que, excepcionalmente, e por acordos adoptados co quórum establecido polo artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril (polo que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación local), considéranse recursos efectivamente dispoñibles para financiar novos ou maiores gastos, por operacións correntes, que expresamente sexan declarados necesarios e urxentes, os procedentes de operacións de crédito nos que se dean conxuntamente as seguintes condicións:

*Que o seu importe total anual non supere o cinco por cento dos recursos por operacións correntes do orzamento da entidade.

*Que a carga financeira total da entidade, incluída a derivada das operacións proxectadas, non supere o vinte e cinco por cento dos expresados recursos.

*Que as operacións queden canceladas antes de que se proceda á renovación da corporación que a concerte.

Polo tanto, dado que o orzamento municipal de 2015 se liquidou cun remanente líquido de tesourería negativo de 179.457,06 euros e que xa se acordou a redución de gastos por importe de 63.230,32 para levar a cabo o plan económico-financeiro de 2016, dado que resulta imposible una redución de gastos polo total restante ata alcanzar o importe total do remanente líquido de tesourería negativo sen alterar substancialmente (e incluso suprimir) a prestación dos servizos municipais.

En virtude do establecido no artigo 193 do TRLRHL, aprobado polo Real –Decreto 2/2004, do 5 de marzo e coas limitacións do artigo 177.5, proponse:

Primeiro.- Unha redución de gastos na aplicación 011-91300 por importe de 30.526,74 euros, xa que existe saldo sobranse na citada aplicación, consecuencia da aplicación do Plan PAI 2016 da Deputación Provincial

Segundo.- Aprobar unha operación de endebedamento por importe de 86.000 euros (oitenta e seis mil euros) resultante dos seguintes números:

Remanente líquido de tesourería negativo de 2015: -179.757,06 euros

Modo de saneamento do remanente líquido negativo:

Redución de gasto en 2017 xa aprobado (P.E.F.): 63.230,32 euros

Redución de gasto en 2017 incluída nesta proposta: 30.526,74 euros

Operación de endebedamento polo importe restante 86.000,00 euros

SUMA -----
179.757,06 euros

Logo de explicar ao por menor o asunto concreto, a Presidencia expón que a proposta que se trae dá capacidade inversora e non prexudica ao concello co cal todas son



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



vantaxes. É unha proposta que xa foi debatida na comisión informativa de de economía e especial de contas do 19 de decembro e que non prexudica as inversións do concello no ano 2017.

A Presidencia di que cando eles asumiron o goberno do concello había varios parámetros económicos negativos e un deles era o de tesourería, o cal foi mellorando. Parte débese á débeda do BBVA de 85.000 €; débeda que é probable que se resolva de xeito rápido a favor do concello logo das resolucións xudiciais favorables ao concello.

Esta operación favorece o poder acometer inversións. Con préstamos bancarios no 2017 estaríamos con 197.000 €, dos cales 175.000 € se eliminarían directamente co PAE e 22.000 con fondos propios. A idea é que a finais do ano que vén non existan préstamos bancarios, salvo calquera circunstancia que se poida dar para unha gran inversión que se quixese facer. Polo tanto, a idea é que a trinta e un de decembro de dous mil dezasete non existan os préstamos bancarios, non se xere inestabilidade e se elimine ese remanente líquido de tesourería negativo.

O PAI da Deputación é para darlle saída ao remanente que tiñan cara os concellos, tanto agora co BNG-AA e PSdG-PSOE como co PP. Iso que en principio había que devolver, agora anuncian un período de cadencia doutros dous anos (2019), e a idea final é que non haxa que devolvelos porque eran remanentes da Deputación pero que non tiñan outra saída legal para darllo aos concellos.

Polo tanto só lle atopamos vantaxes a esta operación e por iso solicita o voto favorable.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o voto do seu grupo vai ser a abstención. Di que é unha medida que nos quita autonomía financeira para ao final acabar maquillando os déficits da administración autonómica ou central. O PAI non só é para amortizar débeda, senón tamén para investimentos, e gustaríalles que contasen con eles para ver en que se van investir eses cartos.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA pregunta á Presidencia de que partida se reduce ese gasto de 30.000 €, contestándolle esta que das posibles baixas nas adxudicacións das obras.

Di que non poden votar a favor polas dúbidas xeradas. Entende que se bloquea unha cantidade por ese importe que estaría destinada a investimentos nos orzamentos do ano 2017.

Na comisión só se falou do préstamo e discrepa de que a medida sexa vantaxosa e que simplemente é paliativa do problema de liquidez. Existe un buraco na tesourería que é produto do excesivo gasto realizado no ano electoral 2015, que vostede recoñeceu meses despois.

A falta de explicacións sobre o tema non nos permite votar a favor, polo que se van abster.

A Presidencia manifesta que en temas económicos teñen criterios dispares de interpretación. Falan dun buraco económico e dille que hai un elemento económico negativo como é o remanente líquido de tesourería e que quere acabar con el. Di que cando comezaron a gobernar había un remanente líquido de tesourería negativo de - 500.000 € e agora hai - 179.000 €. Dos case 131.000€ que se pagaban de intereses no período 2007-2011 está previsto que no ano 2017 se paguen só 1600 €.

En relación ao manifestado polo PSdG-PSOE di que no ano 2016 o concello recibiu case 700.000 € da Deputación e que este ano van recibir sobre 600.000 €. Perden sobre



93.000 € ao suprimir a Deputación as liñas de subvención a concellos para deportes, cultura, turismo, Medio ambiente, etcétera. Espera que ao longo do ano poidan recuperar eses cartos. Redúcense o número de plans o que non quere dicir que non vaia haber subvencións para ese tipo de actuacións.

O Sr. Castro Rocamonde di que coinciden no diagnóstico a pesares das dificultades para acceder a eses datos. Coinciden nos datos pero non nos tempos, xa que a diagnose que lle fan agora recoñécea meses despois.

A Presidencia contesta que a situación é mellor ca cando chegaron ao concello, e se non se fían que lles pregunte aos técnicos.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e seis abstencións de PSdG-PSOE e BNG-AA.

3º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao Convenio de domicilios e ao Convenio suscrito entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa asinado en Madrid o 15/03/2016.

Dáse conta da adhesión ao convenio de domicilios e ao Convenio suscrito entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa asinado en Madrid o 15/03/2016 coa finalidade de manter actualizado o padrón de vehículos deste concello e ao mesmo tempo facilitarlle as xestións aos vecinos/as, proponse:

1º.- Aprobar a adhesión do concello ao convenio de domicilios, cuxa finalidade é que o cidadán cando acode a empadroarse ou a cambiar o seu domicilio no padrón municipal de habitantes poida realizar no concello a xestión do cambio de domicilio no permiso de conducir e de circulación sen necesidade de trasladares á Xefatura de Tráfico para realizar os mencionados trámites

2º.- Solicitar a adhesión íntegra ao Convenio suscrito entre o Organismo Autónomo xEFATURA Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado en Madrid o 15 de marzo de 2006.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Corrección de erros no acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 19 de outubro de 2016, sobre aprobación do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4 Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de louzao) en Vista Alegre- Ponte Ulla.

Declárase a urxencia deste punto que é aprobada por unanimidade.

Detectado erro no acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrado o 19 de outubro de 2016, sobre aprobación do Plan Especial de Protección e Integración



Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao) en Vista Alegre –Ponte Ulla, queda redactado do seguinte xeito:

“Considerando a proposta presentada por MANUEL LOUZAO RIVADULLA para aprobación do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal, nos termos do proxecto achegado asinado por Ana Isabel Piñeiro Esperante e Lino Manuel Doporto Framil, en calidade de arquitectos.

Vista a decisión de data 11 de decembro de 2014 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de NON SOMETEMENDO do mencionado plan á avaliación ambiental estratéxica (expte.: 2014AAE1748), por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de outubro de 2015, aprobouse INICIALMENTE o Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal.

Logo de que o plan fose sometido a información pública, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* núm.: 221, de data 19 de novembro de 2015, e nos xornais La Voz de Galicia de data 27 de outubro de 2015 e El Correo Gallego de data 27 de outubro de 2015.

Logo de que, con data do 21 de outubro de 2015, se notificase o trámite de información pública aos titulares catastrais para que emitisen, de se-lo caso, as alegacións pertinentes.

Logo de que simultaneamente, con data do 22 de outubro de 2015, se requirisen os informes de: Augas de Galicia e do Servizo de Patrimonio Cultural. Requiríronse tamén os informes da Dirección Xeral de Aviación Civil e Demarcación de Estradas do Estado.

Log de que se recibisen os que se relacionan de seguido e coas conclusións que figuran no expediente:

- 20 de xaneiro de 2016, Ministerio de Fomento – Dirección Xeral de Aviación Civil.
- 11 de febreiro de 2016, Augas de Galicia.
- 13 de xuño de 2016, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- 5 de xullo de 2016, Ministerio de Fomento – Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Logo de que durante o período de información pública non se presentaron alegacións, tal e como consta na certificación emitida polo Secretario do Concello.

Logo de achegado con data do 10 de agosto de 2016 o proxecto do plan de especial en trámite dando cumprimento ao requirido nos informes sectoriais emitidos.

Logo de que con data 15 de setembro, en relación cos informes recibidos, emitíuse informe polos Servizos Técnicos Municipais coa conclusión de que foron introducidas, no documento presentado para aprobación definitiva, as consideracións dos informes sectoriais .



Examinada a documentación do expediente e de conformidade co establecido nos artigos 86 e demais de aplicación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; 22 e demais de aplicación da Lei 7/1985, do 2 de abril, e demais lexislación de aplicación, proponse:

PRIMEIRO. Aprobar PROVISIONALMENTE o Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal, promovido por Manuel Louzao Ribadulla, nos termos do proxecto achegado asinado por Ana Isabel Piñeiro Esperante e Lino Manuel Doporto Framil, en calidade de arquitectos, coas modificacións resultantes dos informes emitidos.

SEGUNDO.- Remitir á consellería competente en materia de urbanismo o expediente e proxectos de cara a que se emita o informe preceptivo e vinculante que establece o artigo 86 da LOUG.”

Posta a votación, é aprobada por unanimidade dos asistentes.

5º.- Moción do PSdG-PSOE sobre a reinversión do superávit.

Declárase a urxencia deste punto que é aprobada por unanimidade.

Na súa exposición de motivos dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE entre outros di que o artigo 11.4 da LOPESF sinala que as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario e o artigo 32 sinala que este destinarase a reducir o nivel de endebedamento.

Que a Lei 9/2013 de débeda comercial fixo unha modificación para permitir aos concellos que cumpren unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables, pero que isto non dou satisfacción ás demandas municipais e dou lugar a un paradoxo de que os concellos fosen a única administración con superávit, pero non poden investir ese aforro.

Por todo iso é ineludible que o goberno atenda as demandas do conxunto de concellos e como expuxo a FEMP, se lles permita utilizar o superávit.

En base ao anterior, o PSdG-PSOE de Vedra propón a adopción do seguinte acordo:

“ Permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE”.

Posta a votación, é aprobada por unanimidade dos asistentes.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Ás preguntas de dona Beatriz Amenal a Presidencia responde:

Sobre as modificación do PXOM, que xa está contestada no pleno anterior.

Sobre o arranxo da pista que vai polo lado dunha leira de Andrés Iglesias Rubio cara unhas fincas de monte, que se vai facer.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Sobre a colocación dunha tubaxe para o paso das augas que baixan do monte no fondo da corredoira que vai de A Torre a Quintáns, que se vai facer.

Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE a Presidencia responde:

Sobre os traballos que se están a facer no arquivo municipal a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, que di:

Que é un proxecto de organización dos fondos documentais do arquivo municipal para o que se solicitou unha axuda á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e que concederon 5.000 €.

Que o proxecto rematou xa o 25 de novembro, e terá continuidade sempre que a Xunta de Galicia conceda máis axudas para poder financiarlo ou o concello poida dispoñer de fondos propios.

Que é un contrato menor de servizos e que se adjudicou de acordo ao establecido na Lei de contratos do sector público para este tipo de contratos, incluso solicitando tres ofertas.

Que non está previsto contratar persoal para o arquivo municipal sempre que se poida facer con persoal propio.

Sobre a pregunta relativa ao campo de fútbol de Vedra, que xa está contestada no pleno anterior.

Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA a presidencia responde:

Sobre do Plan de Igualdade, que xa foi contestada no seu momento.

Sobre a xornada informativa sobre a Lei 19/2013 de transparencia e acceso á información pública e bo goberno, que se vai celebrar unha xunta de portavoces xunto co Secretario para falar deste tema, que se convocará en Xaneiro.

Sobre dos carteis das obras financiadas integramente polo concello segundo a normativa di que ao mellor non é unha mala idea.

Sobre da limpeza en Illobre, que si se fixo.

Sobre o convenio que asinou o Concello con Augas de Galicia para a execución do saneamento no rural a Presidencia di que este ano están coa redacción do proxecto de execución que lle foi adjudicado á empresa Tragsatec. A adjudicación é da obra completa e pensa que se iniciará a principios de ano e que tardarán 6 meses máis ou menos en saber a empresa que realizará a obra completa.

Sobre das propiedades que posúe o concello nos cemiterios do termo municipal di que lle contestará no próximo pleno.

Sobre do peche que había en Sarandón na estrada da Deputación que estaba realizando a brigada de obras di que está rematado. No ano 2015 a Deputación manifestou que faría a ampliación da DP 8901 se o concello conseguía os terreos. Esa era a propiedade máis afectada pola ampliación (200 m²) gran parte deles de núcleo rural, árbores etcétera e afecta a ampliación máis a ese lado porque vai ir unha senda peonil. O propietario do



terreo solicitaba en compensación para ceder que se lle puidera pechar a fronte da parcela, algo que lle parece razoable e equitativo.

Sobre a depuradora de Neira en San Mamede di que é necesaria, feita por Augas de Galicia, que está en funcionamento e vai dar un servizo importante aos veciños da zona.

Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA a Presidencia responde:

Sobre a nova aparecida no xornal “La Voz de Galicia” que lle contestará no próximo pleno con todos os datos posibles.

Sobre o mantemento e xestión das depuradoras de Vedra di que Viaqua é a empresa que leva ese tema. A partir do 1 de xaneiro o concello xa leva directamente a auga, e o mantemento das depuradoras e saneamento Viaqua.

Sobre a modificación do PXOM que xa está contestada.

7º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1. Para cando os orzamentos do ano que vén? Rógalle que llos faga chegar con tempo para estudalos.
2. A canto ascende o gasto da obra nun camiño que se empedrou en Pousada? Cal é a finalidade?
3. Fixo algunha xestión diante do concello de Santiago para arranxar ese tramo de 200 m na estrada que vai cara Santiago en San Xián?
4. Na Xunta de Goberno hai unha resolución da alcaldía para realizar a apertura dun oco na estación de Santa Cruz de Ribadulla á empresa Roberto Vales. A que se debe esa obra?

-- O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA pregunta:

1. Por que non se publican os contratos do concello na páxina web seguindo a Lei de Transparencia?
2. Respecto aos carteis informativos das obras financiadas integramente polo concello é unha boa idea, xa que aos veciños interésalles saber quen recibe as adxudicacións das obras.
3. Respecto ao convenio con Augas de Galicia, se os documentos técnicos, cando se asinou o convenio, estaban sen elaborar; quen é a persoa encargada polo concello para facer o seguimento e control da execución das obras e dos proxectos técnicos?
4. Respecto do peche de Sarandón, hai un convenio entre o concello e os propietarios? É un peche privado a cambio da cesión dos terreos?
5. Respecto aos traballos na documentación do arquivo municipal, hai un documento asinado por unha persoa que aconsella a execución dunha segunda fase: Está xa no calendario do grupo de goberno? Terá relación coa adxudicación da primeira fase?

Conclúe ao fío das vinte e unha e corenta e cinco minutos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

